CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

iNFORMA

www.cig-ensino.com

Outubro 2011

# Polo mantemento do dereito á matrícula gratuíta na Universidade

Como sabedes, as universidades galegas veñen de eliminar este curso a matrícula gratuíta para o profesorado, porque, segundo as propias universidades, a Consellaría non está disposta a facerse cargo do custo desta.

A CIG-Ensino, unha vez que coñeceu a intención de liquidar este dereito do que viña gozando o persoal docente da Consellaría de Educación, reclamoulle por escrito á Consellaría que asumise a compensación do custo da matrícula universitaria. Na contestación, que podedes consultar no seguinte enderezo http://www.ir.gl/6cb63f o Conselleiro de Educación, á parte doutras consideracións, tamén fai referencia á autonomía universitaria, para afirmar que a exención do pagamento dos dereitos de matrícula na universidade ao profesorado e aos seus descendentes era potestade exclusiva das universidades.

Chegados até aquí, é obvio que ninguén se quere facer responsábel da eliminación deste dereito, que o profesorado sempre tivo e que se lle pretende eliminar, precisamente agora, cando se nos están reducindo os nosos salarios e ampliando o noso horario lectivo.

Pensamos que a medida de máis forza e a que pode posibilitar o restabelecemento deste dereito, unha vez que non se facilitou ningunha canle para resolver este asunto, é a de negarnos a acoller alumnos/as para realizar o Prácticum correspondente ao grao de mestre e ao Prácticum correspondente ao Máster en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Se todas e todos levamos a cabo esta medida ás universidades e á Consellaría terán que tomar unha solución ao problema, xa que o alumnado ten dereito a facer o Prácticum.

Por iso, propoñémosvos que asumades esta proposta para desbloquear a situación e restabelecer o dereito a termos a matrícula gratuíta.

## Os nosos locais

**Santiago** (Local Nacional)
Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

**Morrazo**
Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

**Ourense**
P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

**Val de Monterrei**
R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

**A Coruña**
Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

**Ferrol**
Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

**Pontevedra**
R. Pasanteria 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

**Vigo**
R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

**Baixo Miño**
Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

**Lugo**
Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

**A Mariña**
27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

**Salnés**
R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcia
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com